

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN NOVE GRUPO GASTRONÓMICO, PARA A PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DE GALICIA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

#### **DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa entidade ASOCIACIÓN NOVE GRUPO GASTRONÓMICO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

A promoción conxunta da Comunidade Autónoma de Galicia como destino turístico, promovendo e comercializando a gastronomía de Galicia.

Para isto, a Axencia Turismo de Galicia, e a Asociación NOVE Grupo Gastronómico colaborarán no desenvolvemento das seguintes actuacións de promoción de Galicia como destino turístico:

1. Celebración dunha acción promocional en formato Showcooking itinerante en megatrailer visitando as cidades de Oviedo, Xixón, Santander, Zamora, Valladolid e Salamanca.
2. Publicación de folleto promocional do Grupo Nove coa presenza doutros recursos turísticos de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

I. Que a Asociación NOVE Grupo Gastronómico, é unha entidade sen ánimo de lucro cuxos fins son a defensa e promoción dunha concepción moderna e contemporánea da cociña galega dende o respecto a os seus orixes, cunha gastronomía de vangarda “made in Galicia” que combina o mellor da tradición e da innovación atendendo ás novas técnicas postas a disposición da calidade dos nosos produtos.

A Asociación NOVE Grupo Gastronómico, exalta a gastronomía de Galicia como un elemento vertebrador e un dos piares fundamentais da cultura dun país, integrada pola súa historia, as súas tradicións, as súas creacións artísticas e polos seus costumes gastronómicos. A promoción da gastronomía contribúe dun xeito moi importante a atracción turística de visitantes xa que este constitúe un dous maiores potencias da nosa comunidade.

II. Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos. Entre os seus fins están o de promover a oferta turística existente e para isto, considera estratéxico o desenvolvemento dun conxunto de accións de apoio á gastronomía galega que posibilite así a competitividade de Galicia fronte a outros destinos.

III. Que por parte da Axencia Turismo de Galicia considerase axeitado, por razóns de interese público e social, colaborar economicamente nas actuacións deste presente convenio coa Asociación NOVE Grupo Gastronómico, dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única asociación de cociñeiros existente en Galicia que aúna aos principais e máis prestixiosos restauradores da comunidade autónoma, e polo tanto a única

capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible promover a concorrência con outras entidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela  
A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos